

CRITERIOS DE DISTRIBUCIÓN DO ALUMNADO NOS GRUPOS DE DOCENCIA INTERACTIVA

A normativa da Universidade de Santiago de Compostela establece que é competencia dos centros a aprobación dos criterios de distribución do alumnado entre os distintos grupos de docencia e a regulación do procedemento para a solicitude de cambio de grupo.

De acordo co anterior, a Comisión Académica e de TFG, na reunión do 29 de xaneiro de 2019, acordou a aprobación e publicación dos criterios de distribución do alumnado nos grupos de docencia interactiva:

1. Con carácter xeral, a distribución do alumnado entre os grupos de docencia interactiva farase por orde alfabética do primeiro apelido, procurando un reparto proporcional do alumnado entre os diferentes grupos de cada materia.
2. O Decanato poderá alterar este criterio para garantir en todo caso o equilibrio numérico do alumnado entre os grupos de docencia interactiva dunha materia, no caso de producirse solapamentos entre materias do mesmo curso con distinto número de grupos interactivos que poideran alterar o reparto proporcional do alumnado ou para garantir a compatibilidade entre materias das distintas titulacións para o alumnado que simultanea estudos.
3. O alumnado procedente doutras universidades por traslado de expediente ou matriculado en réxime de intercambio interuniversitario poderá solicitar directamente ao/á profesor/a dunha materia a súa inclusión nun grupo de docencia interactiva distinto ao que lle correspondería por apelido, debido ás especiais dificultades que presenta a súa matrícula, con materias de distintos cursos ou titulacións.

Santiago de Compostela, 29 de xaneiro de 2019



O decano
José Ramón Pousa Estévez